

Organiza



Do 5 ao 13 de xullo

# ESCOLA DE VERÁN 2025

MONDOÑEDO

(GALIZA)



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE CULTURA

**inaem**  
INSTITUTO NACIONAL DE  
LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA

# INDICE

03  
Mondoñedo  
2025

04  
Cursos

*Curso de títere de  
LUVA* con Paz Tatay

*Curso de dramaturxia*  
con Alberto Conejero

*Curso con obxectos: Dar Vida á  
Metáfora* con Rene Baker

10  
calendario

11  
info práctica

12  
contacto



# GALIZA · 2025

UNIMA Federación España e UNIMA Galiza, organizan a XXIII Escola Internacional de Verán do 5 ao 13 de xullo, que contará coa celebración de tres cursos a cargo de reputadas profesionais referentes do sector especializadas nas áreas de: técnica de títere de luva, dramaturxia e dar vida á metáfora, a través dos obxectos.

A escola terá lugar principalmente na Casa da Xuventude do concello de Mondoñedo (Lugo), e na escola-taller de títeres da compañía mindoniense Mircromina Títeres. Mondoñedo é un lugar de artesanía, culto e misterio, tamén relevante na historia do gremio de personas titiriteiras na Galiza.

A Casa da Xuventude, dispón de amplos espazos para o traballo en grupo en movemento e para o encontro. Noutro punto da pequena cidade, hai un taller de construción axeitado e un espazo de traballo cun pequeno escenario.

Un ano máis, a escola será un lugar de aprendizaxe, encontro e descubrimento para as profesionais e amantes da marioneta e do teatro de figuras.







## Curso de técnica e construción de títere de luva

impartido por Paz Tatay (France)

Datas: Sábado 5 a xoves 10

Horario: de 9 a 14 h

Duración: 30 horas

Inclúe material.

Idioma: Castelán

Requirimentos Trae roupa  
cómoda, de cor oscura,  
zapatillas ou calcetíns  
antiescorregantes

Este curso achéganos, dun lado, á simplicidade da construción e doutro, á súa enorme capacidade cómica e ritmo, factores esenciais da eficacia desta técnica tradicional. Formúlanos, como servirse dos códigos tradicionais e ao mesmo tempo facelos propios para escapar de eles.

Construción dun títere en papel e cola a partir do modelado en terra.

Adestramento titiriteiro para títere e actor ou titiriteire.

O valor do simbólico.

Buscar a súa propia personaxe.

Traballar sobre o anti-heroe e o anti-arquetipo.

Meter en relevo as personaxes femininos.

Explorar as posibilidades orgánicas da luva.

Buscar posibilidades da luva, dentro e fóra do castelo tradicional.

Crear pequenas escenas, traballando así a escritura dramática e a manipulación.

# PAZ TATAY



Paz Tatay faise titiriteira e especialista na luva, de maneira autodidacta principalmente. Ao longo da súa carreira, influenciaron a súa aprendizaxe, mestres como o pulcinella de Salvatore Gatto (Italia) ou o don roberto de João Paulo Cardoso (Portugal).

«Durante todos estes anos traballando co títere de luva, pregunteime que é exactamente a tradición, chegando á conclusión de que é unha linguaxe, códigos de movementos, unha lóxica teatral e unha serie de recursos cómicos e dramáticos que lle son propios. Sen dúbida, o teatro de luva é extremadamente codificado e unha das formas teatrais máis antigas, cunha forza increíble. Pero ao mesmo tempo, ten tendencia a pecharse esta técnica nun espectáculo de puro interés «arqueolóxico», cando as posibilidades artísticas desta técnica son enormes, mesmo a fundirse con outras formas teatrais. »

# DRAMATURXIA



Ferramentas dramaturxicas para a posta  
en escena

impartido por Alberto Conejero



Datas: sábado 5 a xoves 10

Horario: de 16 h a 21 h.

Duración: 30 horas

Idioma: castelán.

O obxectivo deste obradoiro é a adquisición, desde un enfoque teórico-práctico, de diversas ferramentas dramaturxicas para a creación de todo tipo de espectáculos e de propostas escénicas, con ou sen texto. Estas ferramentas son transversais e poden ser aplicadas desde a creación, dirección ou interpretación.

## **Contidos**

Dramaturxia, creación e escritura

Principios de organización

A dramaturxia da mirada

A presenza viva (a construción da personaxe)

O espazo e os espazos

Os diálogos

No principio foi o final

Exercizos prácticos



# ALBERZO CONEJERO



É dramaturgo e poeta. Licenciado en Dirección de Escena e Dramaturxia pola Real Escuela Superior de Arte Dramático e doutor pola Universidad Complutense de Madrid. Da súa obra teatral destacan: En mitad de tanto fuego (2024) El mar: visión de unos niños que no lo han visto nunca (2022), La geometría del trigo, Premio Nacional de Literatura Dramática (2019); Los días de la nieve (2017, Premio Lorca 2019 Mellor Autor); Todas las noches de un día (2018, gañador do III Certamen de Textos Teatrais da AAT); La piedra oscura (2015, Premio Max, Mellor Autor Teatral 2016 e Premio Ceres ao Mellor Autor 2016, entre outros); Ushuaia (2013-2022, Premio Ricardo López de Aranda 2013); Cliff (acantilado) [novo título e versión: ¿Cómo puedo no ser Montgomery Cliff?], gañador do IV Certamen LAM 2010]. Foi tamén responsable de diversas dramaturxias e reescrituras: Medea (Teatre Lliure), Electra (Ballet Nacional de España e Teatro da Zarzuela, 2017), Fuenteovejuna (Compañía Nacional de Teatro Clásico, 2017); Troyanas (Festival de Teatro Clásico de Mérida, 2017), entre outras.

En febreiro de 2020 publicou En esta casa, o seu segundo poemario tras Si descubres un incendio (2017).

Dirixiu o Festival de Otoño da Comunidade de Madrid de 2020 a 2024. Actualmente, dirixe o Festival de Cuerpo, Objeto y Sitio Específico de Andalucía (COSA).





## Dar vida á metáfora

impartido por Rene Baker (United Kingdom)



Datas: Venres 11 a domingo 13  
Horario: de 16h a 20h (venres 11)  
De 10h a 14h e de 16h a 20h (sábado 12)  
De 10h a 14h (domingo 13)  
Duración: 16 horas  
Idioma: castelán

Requirimentos: Roupa cómoda e zapatillas ou con pé desccalzo (non zapatos da rúa)  
Cada persoa traia 2 obxectos: un cun significado por calquera motivo, e outro co cal pense que será difícil traballar.

## DAR VIDA Á METÁFORA

Unha exploración lúdica e sensible dos obxectos cotiáns como comunicación simbólica, na que as metáforas como unha taza medio chea ou andar con pés de chumbo lévanse da páxina ao escenario.

Descubrimos como os seres humanos se identifican cos obxectos, inspirándonos nas súas calidades materiais e funcións culturais para artellar nocións de personalidade e relacións con outras persoas ou con conceptos como traballo ou a pertenza.

Pódense utilizar as ferramentas e exercizos para explorar narrativas persoais, así como para crear teatro, e o obradoiro dá a benvida a persoas con intereses terapéuticos e sociais, así como a creadores de teatro y artistas.

# RENE BAKER



[+ info](#)

Soy creadora teatral especializada en teatro de títeres y objetos, y en mis 28 años de experiencia profesional he trabajado como intérprete, diseñadora, directora, investigadora y docente/formador/coach.

Me formé a través de un aprendizaje en el Little Angel Theatre (Londres) y trabajé como titiritera freelance para las principales compañías del Reino Unido. De 1992 a 1998, fui miembro central del equipo creativo del Norwich Puppet Theatre, donde creé y representé espectáculos que han sido invitados a festivales de todo el mundo.

Desde 1998, he desarrollado una formación para titiriteros y actores que explora cómo cualquier cosa puede cobrar vida en escena, abordando diferentes aspectos de la interacción entre actores y objetos, y proponiendo un enfoque para la creación escénica con materiales.

He impartido talleres en escuelas de arte dramático, festivales de teatro y salas de ensayo en Inglaterra, Noruega, Finlandia, España, Estonia, Grecia, República Checa, Rusia y Suecia. Entre 1998 y 2005 fui profesora de técnicas de marionetas en la Central School of Speech and Drama (Londres); de 2005 a 2008 enseñé teatro visual en el Institut del Teatre (Barcelona); y de 2010 a 2012 trabajé en el departamento de marionetas de la Turku Arts Academy, en Finlandia. Actualmente, soy tutora principal en la Curious School of Puppetry.

Como directora freelance y líder de talleres, sigo investigando el uso dramático de los materiales en el teatro: objetos cotidianos, títeres, escenografía en movimiento, vestuario animado, palos, piedras, agua, piezas de automóvil, juguetes... y cualquier otra cosa que puedas imaginar.

# CALENDARIO

MAÑÁN

TARDE

Sábado 5

Domingo 6

Luns 7

Martes 8

Mércores 9

Xoves 10

Venres 11

Sábado 12

Domingo 13

9-14 h

16-21 h




Curso de Títere de Luva con Paz Tatay.



Curso de dramaturxia con Alberto Conejero.



Curso de obxectos con Rene Baker.



## Datas

Do 5 ao 13 de Xullo

## Onde

Casa da Xuventude. Rúa Pacheco, 5 - 27740 - Mondoñedo (Lugo)  
Escola Taller Títeres Mircromina.

## Cómo chegar

Aeroportos: Avilés, A Coruña e Santiago de Compostela + bus (viaxe longa con transbordo)

Tren: Ata Lugo + bus

Bus: Ata Lugo + bus

Unha vez realizada a inscrición, facilitarase un excel opcional, para indicar os teus medios e necesidades para chegar a Mondoñedo, a fin de que os desprazamentos sexan o máis sostibles e prácticos posible.

## Aparcadoiro e Área Caravanas

Praza do Seminario, ou noutras áreas. Non é un inconveniente.

Área Camper Mondoñedo a 500mts da Casa da Xuventude

## Hospedaxe

Seminario Santa Catalina.

Praza do Seminario 1.

prezo 38€ habitación individual con almorzo bufete.

## Comidas

Mediodía/Xantar: Taberna do Valeco. (700 mts. da Casa da Xuventude)

Praza dos Muiños de Arriba nº6

Prezo: 14€

Cena: Libre, hai bares e restaurantes polo pobo.



# CONZACZO

E-mail [secretaria@unima.es](mailto:secretaria@unima.es)  
Web [www.unima.es](http://www.unima.es)  
Teléfono (+34) 91 081 03 61  
Matrículas Abertas desde o 10 de marzo de  
2025

